

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E NOVE DE AGOSTO DE DOUS MIL CATORCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás once horas do día vinte e nove de agosto de dous mil catorce, reúnen-se en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Juan José Ramos Prieto, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, Faustino Cebreiro Paz, Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago, e Jairo Orjales Sande, baixo a Presidencia de Ana Rodríguez Montero como alcaldesa. Non acudiu Rocío Martínez Martínez. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día: Non asistiu

A alcaldesa antes dar comezo a orde do día quere facer constar publicamente o recoñecemento o traballador deste Concello, Pablo Casás Cebreiro polo seu bo facer, responsabilidade e disponibilidades durante os anos que na súa vida laboral estivo neste concello ata a súa xubilación, vaia por tanto o seu agradecemento polo seu traballo.

1.- Aprobación se procede da acta do pleno do día trinta de xuño de 2014. Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a acta anterior.

2.- Proposta da alcaldía para determinar os festivos locais para o ano 2015. Despois de ler a proposta da alcaldía que se copia a continuación: Visto o Decreto 67/2014 do 28 de maio publicado no Diario Oficial de Galicia do 13 de xuño, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2015, na Comunidade Autónoma de Galicia, e dada a posibilidade de establecer dous días de cada ano natural como festa locais, segundo establece o artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores esta alcaldía propón ó pleno a aprobación da seguinte proposta: **PRIMEIRO.-** Establecer como festivos locais para o ano 2015, os días 17 de febreiro de 2015, (martes de entroido) e o 24 de xuño de 2015. **Segundo.-** Remitirlle copia deste acordo a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a proposta anterior.**

A alcaldesa afirma que é difícil determinar un día concreto para as festas parroquiais porque aínda non se fixaron o día, e o vindeiro ano son en metade de semana polo que solicita a proposta doutros membros do Pleno para fixar o outro día.

O Concelleiro Cándido Prieto Lago e Jairo Orjales Sande propoñen que sexa festivo o día de San Xoán.


3.- Proposta da alcaldía para modificar a ordenanza fiscal do servizo de abastecemento de auga. Despois de ler a proposta da alcaldía que se copia a continuación: Ante a proposta de convenio de colaboración realizada polo Concello de Moeche para poder levar o subministro de auga potable o lugar da Panda e co gallo de poder realizar unha liquidación da taxa polo subministro deste servizo dende o concello de Cerdido, esta alcaldía propón a modificación do artigo 5 da ordenanza fiscal reguladora do servizo de abastecemento de auga segundo o seguinte proposta de acordo: **Primeiro:** Derrogar o artigo cinco da ordenanza fiscal reguladora da taxa

por prestación do servizo de abastecemento de auga a domicilio .Segundo : Aprobar unha nova redacción do artigo cinco desta ordenanza que se copia deseguido proceder a súa tramitación segundo establece a normativa en vigor . Artigo cinco : COTA TRIBUTARIA .A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a determinada nas tarifas seguinte dereitos de conexión á rede xeral. 60,10 euros . Por consumos: 1.-Ata 10 m³/mes: 0,18€/m³/mes. 2.-De 10 a 30 m³/mes:0,24 €/m³/mes. 3.-Máis de 30 m³/mes: 0,42 € ./m³/mes. Ás presentes tarifas engadiráselles o importe que lles corresponda por aplicación do tipo de IVE vixente. Cota mínima : Establecese unha cota mínima para todos os usuarios de 25 euros ó ano,cota que se lle unirá a cota por consumo. Cando se trate doutra Entidade Local á que se lle subministre auga procedente do municipio de Cerdido: A cota por consumo será mesma que a indicada anteriormente e a cota mínima será establecida en función do numero de usuarios os que se lle realice o subministro de auga . Cada vez que exista unha nova conexión ao servizo de augas , o concello o que se facilite o subministro deberá comunicarnos a alta realizada . Cerdido, 6 de agosto de 2014 . A Alcaldesa . **O membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior** . Cinco votos a favor dos concelleiros Juan José Ramos Prieto , José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro,Faustino Cebreiro Paz, e o voto da alcaldesa tres abstencións dos concelleiros Benigno Galego Castro,Cándido Eusebio Prieto Lago,e Jairo Orjales Sande.

O concelleiro Benigno Galego Castro , solicita que se aclare o da cota mínima . A alcaldesa explica que o concello de Cerdido vaille facturar o concello de Moeche polo consumo realizado e unha cota mínima de 25 euros por cada usuario que se conecte . As cantidades non varían , unicamente ponse en euros , xa que na ordenanza estaban en pesetas

4 Proposta da alcaldía para a aprobación da Conta Xeral 2013.Despois de ler a proposta da alcaldía que se copia a continuación . Unha vez tramitado o expediente da **Conta Xeral de 2013** , informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas do día vinte e dous de maio de 2014 e e rematado o prazo de exposición ó público iniciado coa publicación do anuncio no BOP do día tres de xuño de 2014 ,e considerando aplicable a seguinte lexislación : 1.- Artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 , do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais , cómpre someter ó pleno a seguinte proposta:**Primeiro.-** Aprobar a Conta Xeral de 2013 que figura na documentación do expediente e que comprende o Balance , conta de resultado económico patrimonial , estado de liquidación presupostaria e memoria así como anexos da conta , as actas de arqueo das existencia en caixa e certificacións das entidades bancarias .**Segundo.-** Remitirlle un exemplar da Conta Xeral ó Consello de Contas de Galicia . Cerdido , 07 de xullo de 2014 .A alcaldesa . Ana Rodríguez Montero .**O membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior** . Cinco votos a favor dos concelleiros Juan José Ramos Prieto , José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro,Faustino Cebreiro Paz, e o voto da alcaldesa tres abstencións dos concelleiros Benigno Galego Castro,Cándido Eusebio Prieto Lago,e Jairo Orjales Sande.

5 Proposta da alcaldía para a aprobación provisional da modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal .Despois da tramitación do proxecto de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal 2/2013 , e visto os informe de Secretaría e o informe dos servizos técnicos municipais así como o requirimento enviado pola Xunta de Galicia o día 07.08.2014 e xa que na



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

anterior acordo do Pleno non se acadou a maioría absoluta dos membros legais do Pleno ,esta alcaldía propón ao Pleno do Concello de Cerdido a aprobación do seguinte **ACORDO** :
PRIMEIRO. Que se aprobe provisionalmente o proxecto de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal 2/2013 para a ampliación do cemiterio da Barqueira .**SEGUNDO** :. Unha vez dilixenciado, que se traslade o expediente de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva. Cerdido, 19 de agosto de 2014.**O membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior** . Cinco votos a favor dos concelleiros Juan José Ramos Prieto , José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, Faustino Cebreiro Paz, e o voto da alcaldesa tres abstencións dos concelleiros Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago, e Jairo Orjales Sande,

6.- Proposta da alcaldía de expediente de modificación de crédito 7/2014. Proposta de aprobación do expediente de modificación de credito 7/2014 . Crédito extraordinario . Vixente presuposto para o ano 2014. Vista a relación de gastos que se pretende realizar neste expediente de modificación de créditos 7/2014, xustificando na necesidade de dotar duna aplicación presupostaria para a cubrir gastos non previstos sen poderlos demorar o exercicio seguinte .E, unha vez tramitado o expediente administrativo e considerando o disposto no informe da secretaria-interventora e atendendo o disposto nos artigos 177.2 do Texto refundido da lei 39/1988, de 28 de decembro reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004l, propón a adopción do seguinte **ACORDO**:**Primeiro:** Aprobar a modificación de crédito, suplemento de crédito e crédito extraordinario 7/2014 no vixente presuposto municipal con cargo o remanente de tesourería do ano 2013, segundo seguinte resumo:

Gastos :

Aplicación orzamentaria		descripción	importe
230	21320	Servizos sociais . Desprazamento	1500,00 €
342	632,00	Deportes . Investimentos	15.000,00
414	466,00	Desenvolvemento rural . Entidades que agrupen municipios	300,00
152	639,00	Vivenda . Investimento de reposición	20.000,00
334	639,00	Cultura . Investimento de reposición	14.000,00
TOTAL GASTOS			50.300,00€

Ingresos:

Partida	Concepto	Importe
870 100	Remanente de tesoureira para financiar modificacións de crédito	50.300,00 €

Segundo: Proceder a seguir os tramites que establece a lexislación vixente en relación tramitación deses expedientes, procedendo a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. **Terceiro** :Asumir o compromiso de orientar a xestión orzamentaria normas de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio , considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan

Económico Financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos para o exercicio 2014 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas, salvo circunstancias sobrevenidas e imprevisibles . Cerdido , 22 de agosto de 2014.A Alcaldesa .Ana Rodríguez Montero **O membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior** . Cinco votos a favor dos concelleiros Juan José Ramos Prieto , José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro,Faustino Cebreiro Paz, e o voto da alcaldesa tres abstencións dos concelleiros Benigno Galego Castro,Cándido Eusebio Prieto Lago,e Jairo Orjales Sande.

A alcaldesa explica que ata que se aclarou se podiamos ou non utilizar o remanente de tesourería ,non se concretaron os investimentos que se pretenden realizar . Así se pretende realizar investimento para mellorar o baixo das vivendas de As Felgosas que están en ladrillo así como mellorar o voladizo , pretendese realizar mellorar na tribuna do campo de fútbol , e facer reformas nos edificios adicados a cultura .

O concelleiro Benigno Galego Castro pregunta si hai memorias destes investimentos e si se poden consultar . A alcaldesa contesta que si .


Control e fiscalización dos órganos da Corporación:

7-Dar conta dos decretos da Alcaldía . Os membros do pleno déronse por enterados :

Núm.	Data	Descrición
Xuño 2014		
94	24/06/2014	Aprobación do expediente de modificación de créditos 04/14
95	25/06/2014	Delegación no concello de Ortigueira para pedir unha subvención da Consellería de Traballo e Benestar ao abeiro da orde do 03.04.2014
96	26/06/2014	Acordo de solicitude dunha axuda para mellora da accesibilidade no centro social de Avispeira por un importe de 14.905,41 €
97	27/06/2014	Autorización para celebrar as luminarias de San Pedro no termo municipal
98	30/06/2014	Concesión de licenza de obra nº 2014/U008/000001 para ampliación e reconversión de cuberta no lugar de Casavella, 7
Xullo 2014		
99	01/07/2014	Aprobación de facturas do nº 243 ao nº 293
100	01/07/2014	Resolución de extinguir o contrato a Pablo Casas Cibreiro por xubilación anticipada
101	06/05/2014	Acordo de devolución da garantía prestada para a execución da obra “Reparación de saneamento en Regueirolongo, Barrosa, Freis e reparación de pluviais da Barrosa ao Freis”
102	01/07/2014	Adxudicación do contrato da obra: Camiño Rego da Madeira ao límite concello de Moeche (Os Casás) a empresa Jose No Mantiñan e hijos construcciones sa
103	01/07/2014	Acordo de contratación por 6 meses dun condutor da bolsa de emprego
104	01/07/2014	Autorización a Asociación Cultural Airiños dos Carrís para usar o Castro para os ensaios



Concello de Cerdido (A Coruña)

	As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027 www.cerdido.es correo@cerdido.es	
105	03/07/2014	Aceptación da renuncia da Comisión de festas dos Casás da solicitude de autorización para celebrar as festas de San Xoán
106	03/07/2014	Autorización a particular para usar o local da cafetería do Castro para unha xuntanza de amigos o 6 de xullo durante todo o día
107	04/07/2014	Autorización a Comisión de festas de Cerdido para realizar un espectáculo pirotécnico en Vila da Igrexa os días 4, 5, 6 e 7 de xullo de 2014
108	04/07/2014	Autorización a Comisión de festas de Cerdido para pechar ao tráfico unha vía municipal en Vila da Igrexa dende o día 4 e ata o día 8 de xullo de 2014
109	04/07/2014	Aprobación da relación de recibos do SAF do mes de xuño
110	09/07/2014	Aprobación do expediente de contratación da obra “Pavimentación camiño fronte a feira no lugar de Porto e outros”, aprobación do gasto e apertura do procedemento de adjudicación negociado sen publicidade
111	09/07/2014	Autorización ao grupo municipal do PSdeG-PSOE para usar a casa da cultura o 11 de xullo para unha reunión
112	09/07/2014	Delegación de funcións da alcaldía no tenente alcalde D. Juan José Ramos Prieto
113	10/07/2014	Concesión da licenza de primeira ocupación a vivenda en Domende, 18
114	10/07/2014	Concesión da licenza de primeira ocupación a vivenda en Rego da Madeira
115	11/07/2014	Acordo de solicitude de incluír no programa da Deputación a dotación da calefacción na Escola de Avispeira como investimento de aforro enerxético
116	15/07/2014	Aceptación da renuncia da Comisión de festas de Cerdido da solicitude de autorización para celebrar as festas de San Martiño
117	16/07/2014	Acordo de aprobación da memoria da oficina local de fomento do cooperativismo, solicitar unha axuda para financiar o mantemento do técnico
118	21/07/2014	Alta no padrón municipal de habitantes en Penso, 3
119	21/07/2014	Autorización a particular para usar o local da cafetería do Castro para unha festa de aniversario infantil o 24 de agosto durante todo o día
120	22/07/2014	Concesión de licenza de obra nº 2013/U008/000007 para modificación do tellado no lugar de Barbelas, 2
121	23/07/2014	Autorización a Asoc. Cultural Airiños dos Carrís para usar o Castro o 2 de agosto durante todo o día para celebrar a xuntanza de grupos tradicionais
122	24/07/2014	Aprobación de facturas do nº 294 ao nº 337
123	24/07/2014	Autorización a Deputación da Coruña para usar a casa da cultura para impartir o curso de “Primeiros Auxilios”
124	31/07/2014	Alta no padrón municipal de habitantes en Felgosas, 27
Agosto 2014		
125	04/08/2014	Aprobación do proxecto da obra “Camiño Nova a Villadóniga (Cerdido) e outros”
126	04/08/2014	Aprobación do proxecto da obra “Melloras na rede de abastecemento”
127	04/08/2014	Aprobación do proxecto da obra “Ampliación do abastecemento de auga a Barbas”
128	05/08/2014	Acordo de devolución da garantía depositada para responder ao contrato de servizos para a

		redacción do PXOM
129	06/08/2014	Aprobación da relación de recibos do SAF do mes de xullo
130	06/08/2014	Aprobación do expediente de modificación de créditos 05/14 para financiar programas de aforro e eficiencia enerxética do INEGA
131	07/08/2014	Adxudicación do contrato da obra “Camiño fronte a feira no lugar de Porto e outros”
132	07/08/2014	Inicio do procedemento de contratación dun oficial de 2ª e dun peón a través dunha subvención da Deputación
133	08/08/2014	Acordo de contratación dunha substituta da bolsa para cubrir a baixa dunha aux. de axuda no fogar
134	08/08/2014	Acordo de aprobación da certificación núm. 1ª e final de obra “Camiño Cruz encarnada e Vilarelle e aprobación da taxa por servizos
135	11/08/2014	Recoñecemento dun novo complemento de antigüidade ao traballador Vicente Casal Vilasuso
136	12/08/2014	Actualización da renda do 1º piso das vivendas municipais de Felgosas
137	18/08/2014	Acordo de contratación dun Axente de Emprego Local
138	18/08/2014	Aprobación do expediente de modificación de créditos 06/14
139	19/08/2014	Acordo de contratación do peón e o oficial de 2ª
140	21/08/2014	Alta no padrón municipal de habitantes en Porto, 46 B
141	21/08/2014	Convocatoria pleno ordinario

O concelleiro Benigno Galego Castro solicita aclaración sobre os seguintes decreto :

Dúas comisións de festas renunciaron as festas , que pasou ? A alcaldesa explica que non presentaron toda a documentación que se lles pedía , segundo a normativa ,antes de que a Xunta presentara a circular

Núm.117 . a oficina de cooperativismo . A alcaldesa explica que é unha subvención solicitada xunto a outros concellos do Ortegal.

Núm. 135 , complemento de antigüidade do traballador municipal , é un trienio ou outro complemento . A alcaldesa explica que é un trienio .


Núm.137 O axente de emprego local . A alcaldesa é a solicitude subvención xunto a Ortigueira

Núm. 139 . que especialidade ten o oficial de 2ª. A alcaldesa afirma que é albanel .

O concelleiro Jairo Orjales Sande , solicita información sobre

Núm.130 . unha Subvencion do Inega . A alcaldesa explica que é unha solicitude realizada con varios concellos e para o cambio a LED no alumeadado público

8- -Dar conta do informe do cumprimento dos prazos previstos para o pagamento das obrigas



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

en cumprimento do disposto na Lei 15/2010 do 5 de xullo. Segundo trimestre do 2014. Os concelleiros déronse por enterados . I.- NORMATIVA APLICABLE-Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais modificada pola Lei 15/2010, do 5 de xullo. Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Texto Refundido da lei de facendas locais. Real Decreto Lexislativo 3/2011 , do 14 de novembro , polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público .(TRLCSP) modificado polo Real Decreto 4/2013 do 22 de febreiro de 2013, de medidas de apoio o emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.- **CONSIDERACIÓNS.** En aplicación do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º. 3 e 5º. 4, en canto á obrigatoriedade de informar sobre o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pagamento das obrigas, que se concretan no art.1º.3 e o artigo 3º. 3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe: O prazo no que as administracións teñen a obriga de abonar o prezos da obrigas , ben recollido no artigo 216 do TRLCSP e na súa disposición transitoria sexta recentemente modificado polo Real Decreto 4/2013 do 22 de febreiro o establecer que : A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á **data de aprobación das certificacións de obra** ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4. **III.- ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS :** Que da execución presupostaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagamentos materiais realizados entre os días 01/04/2014 e 30/06/2014 (segundo trimestre 2014) obtense a seguinte información:

1 Facturas ou documentos xustificativos pagados no trimestre


Pagos realizados no trimestre	Período pago (PMP) (días)	Período pago excedido (PMPE) (días)	Pagos Realizados no Trimestre			
			Dentro do período legal do pago		Fora do período legal do pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	20,365	0	166	94.692,17	0	0,00
Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos	20,365	0	166	94.692,17	0	0
20- Arrendamentos e Canons	9,1434		2	1171,74	0	0,00
21- Reparación, Mantemento e conservación	23,8049	0	25	17.541,40	0	0,00
22- Material, Subministro e Outros	19,7439	0	139	75.979,03	0	0,00
23- Indemnización por razón do servizo	0,00	0	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por institucións s. de lucro	0,00	0	0	0,00	0	0,00
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0,00	0	0	0,00	0	0,00
2 - Sen desagregar	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0,00	0	0	0,00	0	0,00

Inversións reais	28,6033	0	2	46.245,87	0	0
Aplicados a Presuposto (Capítulo 6)	10	0	9	46.245,87		0
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0	0	0,00
Outros Pagos realizados por operacións comerciais	0	0	0	0	0	0,00
Aplicados a presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0,00	0	0
Total	23,062		168	140.938,04	0	0

2 Intereses de demora pagados no período: Ningún .Que respecto á información relativa ao número e importe de obrigas pendentes nas que se está a incumprir o prazo de pagamento legalmente establecido se resume nos cadros seguintes: **Ningunha.**
3 Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre. (artigo 4º. 3 Lei 15/2010).

Facturas o documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre	Período medio pendente de pago (PMPP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos Realizados ao final do Trimestre			
			Dentro do período legal do pago		Fora do período legal do pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	14,4773	0	43	25.558,01	0	0,00
20- Arrendamentos e Canons	0,00	0	0	0,00	0	0,00
21- Reparación, Mantemento e conservación	18,1497	0	11	2626,10	0	0,00
22- Material, Subministro e Outros	14,0568	0	36	22.931,91	0	0,00
23- Indemnización por razón do servizo	0,00	0	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro	0,00	0	0	0,00	0	0,00
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0,00	0	0	0,00	0	0,00
2 - Sen desagregar	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Inversións reais	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Outros Pagos realizados por operacións comerciais	0	0	0	0,00	0	0,00
Total	14,4773	0	43	25.558,01	0	0,00

4)Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (artigo 5º. 4



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Lei 15/2010): **Ningunha .I.- CONCLUSIÓN** Estos son os datos que aporta a aplicación informática facilitada pola Deputación da Coruña .É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, propoñendo:Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia. Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no artigo 5º. 4 da Lei 15/2010.Cerdido, a once de xullo de dous mil catorce..O tesoureiro . A secretaria -interventora . Daniel Rodríguez Fraguela. Paula Díaz Tie .

9 Dar conta da remisión dos datos aos que fai referencia a Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolve as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira. Primeiro trimestre do ano 2014.Os concelleiros déronse por enterados .Informe de Intervención .Paula Díaz Tie , secretaria -interventora do Concello de Cerdido o abeiro do establecido na Orden HAP /2105/2012, do 1 de outubro , pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 1/2012 do 27 de abril de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira informa : **Primeiro** :Que o dia 07,05.2014 remitiuse con certificado dixital a información requirida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas ao abeiro do disposto a Orden HAP /2105/2012, do 1 de outubro , pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 1/2012 do 27 de abril de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira correspondente o primeiro trimestre do ano 2014 , tanto os datos presupostarios como os anexos dos informes , dos que resalto a seguinte información que se resume nos seguintes datos : Primeiro trimestre do ano 2014. . Resume por capítulos de ingresos e gastos

INGRESOS

Código de conta	Exercicio corrente				Exercicio pechado
	Créditos iniciais	Previsións actuais	Dereitos recoñecidos netos	Recadación líquida	Recadación líquida
1	184.000,00	184.000,00	48.105,76	48.105,76	0,00
2	16.000,00	16.000,00	815,04	815,04	0,00
3	102.200,00	102.200,00	12.645,02	12.645,02	13.248,10
4	592.832,80	592.832,80	68.107,98	68.107,98	50.678,41
5	21500,00	21500,00	5128,39	5128,39	0,00
7	203.475,20	220.339,98	0,00	0,00	105,000,00
Total	1.120.008,00	1.136.872,78	134.802,19	134.802,19	168.926,51

GASTOS

	Exercicio corrente	Exercicio
--	--------------------	-----------

					pechado
Código conta	Créditos iniciais	Previsión actual	Obrigas recoñecidas netas	Pagos Líquidos	Pagos líquidos
1	456.520,60	444.720,60	82.776,48	82.776,48	13.445,87
2	398.318,72	409.718,72	45.939,34	45.939,34	21.168,43
3	200,00	200,00	18,00	18,00	0,00
4	11.600,00	12.000,00	1.111,43	1.111,43	0,00
6	253.368,68	270.233,46	0,00	0,00	412,05
Total	1.120.008,00	1.136.872,78	129.845,25	129.845,25	35.026,35

Informe de evaluación - resultado estabilidade presupostaria . Primeiro trimestre

2014.Cumprimento de estabilidade presupostaria

Ingreso non financeiro	Gastos no financeiro	Axustes pola entidade	Axustes por operacións internas	Capacidade /Necesidade de financiamento
1.160,912,28	1.076,912,28	1454,53	0,00	+ 86,333,35

Informe de cumprimento da regra de gasto . Primeiro Trimestre 2014. Presuposto actualizado

Gasto computable liquidación 2013	Taxa de referencia	Aumentos /diminución artigo 12,4	Limite regra de gasto	Gasto computable previsión 2014
634.822,25	644344,58	6000,00	650344,58	651364,78

Conclusión : O Concello de Cerdido incumpre , cos datos do primeiro trimestre do ano 2014, en unha cantidade de 1020,2 €, coa regra de gasto, nunha magnitude económica irrelevante en tanto que son meras previsións de datos económicos a fin de exercicio . Cerdido , 7 de maio de 2014

9.2 Dar conta da remisión dos datos aos que fai referencia a Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolve as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira. segundo trimestre do ano 2014. Informe de Intervención. Paula Díaz Tie , secretaria -interventora do Concello de Cerdido o abeiro do establecido na Orden HAP /2105/2012, do 1 de outubro , pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 1/2012 do 27 de abril de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira informa :

Primeiro : Que o día 11.07.2014 remitiuse con certificado dixital a información requirida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas ao abeiro do disposto a Orden HAP /2105/2012, do 1 de outubro , pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 1/2012 do 27 de abril de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira correspondente o segundo trimestre do ano 2014 , tanto os datos presupostarios como os anexos dos informes , dos que resalto a seguinte información que se resume nos seguintes datos : Segundo trimestre do ano 2014. . Resume por capítulos de ingresos e gastos INGRESOS



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Exercicio corrente					Exercicio pechado
Código de conta	Créditos iniciais	Previsións actuais	Dereitos recoñecidos netos	Recadación líquida	Recadación líquida
1	184.000,00	184.000,00	96.620,55	96.618,45	0,00
2	16.000,00	16.000,00	851,44	851,44	0,00
3	102.200,00	102.200,00	30.510,72	30.510,72	13248,10
4	592.832,80	622.623,00	256.409,49	256.409,49	63239,39
5	21500,00	21500,00	8.397,84	8.397,84	
7	203.475,20	238,125,18			105000,00
Total	1.120.008,00	1.258,448,18	392.790,04	392.787,94	181.487,49

GASTOS

Exercicio corrente					Exercicio pechado
Código conta	Créditos iniciais	Previsión actual	Obrigas recoñecidas netas	Pagos Líquidos	Pagos líquidos
1	456.520,60	452.154,50	193.117,11	193.117,11	13.482,33
2	398.318,72	432.075,02	142.521,41	142.521,41	31.997,17
3	200,00	200,00	18,00	18,00	0,00
4	11.600,00	12.000,00	1.311,43	1.311,43	0,00
6	253.368,68	362.018,66	46.245,87	46.245,87	412,05
TOTAL	1.120.008,00	1.258,448,18	383.213,82	383.213,82	45.891,55

Informe de avaliación - resultado estabilidade presupostaria . Segundo trimestre 2014.

Incumprimento de estabilidade presupostaria

Ingreso non financeiro	Gastos no financeiro	Axustes pola entidade	Axustes por operacións internas	Capacidade /Necesidade de financiamento
1.184.448,18	1258448,18	1454,53	0,00	-72545,47

Informe de cumprimento da regra de gasto . Segundo Trimestre 2014.

Gasto computable liquidación 2013	Taxa de referencia	Aumentos /diminución artigo 12,4	Gastos inversións financiamento sostenibles	Limite regra de gasto	Gasto computable previsión 2014

634.822,25	644.344,58	0,00	74.000,00	718.344,58	651364,78
------------	------------	------	-----------	------------	-----------

Conclusión : O Concello de Cerdido incumpre , coa estabilidade presupostaria xa que se aprobou un expediente de crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería para gastos financieramente sostibles ao abeiro do punto terceiro da Disposición adicional sexta da LO 2/2012 de estabilidade presupostaria en concorrencia co disposto no artigo 32 da citada lei orgánica .Cerdido, 8 de agosto de 2014.A secretaria -interventora .Paula Díaz Tie

10 Mocións de Urgencia .Non se presentaron

11- Rogos e Preguntas.

O concelleiro Benigno Galego Casto realiza as seguintes preguntas :

1.- Realízase un contrato por seis meses para o traballador da maquinaria , pénsase en sacar a praza por promoción interna como medida para incentivar aos traballadores xa existentes no concellos que cumpren todos os requisitos ? Hai unha persoa que leva moitos anos traballando no concello e esta será unha maneira ade incentivalo .

A alcaldesa explica que agora o traballador ten un contrato por seis meses e que xa se verá o que se fai cando se saque a praza .

2.- Cando se pretende rematar a obra da estrada da Feira ? Tivo en conta as festas ?

A alcaldesa espera que estean rematadas antes da festa pero que dependerá do tempo .

3.-Estase a rozar as pistas , primeiro a cuneta e despois de varios dias o talud , non seria mellora e mais rápido rozar a cuneta e o talud ?


A alcaldesa explica que o traballador novo ten que aprender a usar a maquina e cree que o mais axeitado e rozar a cuneta primeiro do maior numero de pistas e logo rozar o talud .

4.- Fai un rogo a concelleiro de obras para que lle remita o informe de que o aglomerado fai medrar a herba . Xa que dada temperatura o que se bota e moi difícil que esto suceda .

O concelleiro Juan Ramos Prieto toma a palabra para dicir que non pretende engadar a ninguén , pero que segundo lle explicaron a el o aglomerado fai un tipo efecto invernadoiro que fai medrar a herba

Pon en coñecemento da alcaldía que no Castro hai tres ou catro alumeados fundidos polo que roga que se amañen .

O Concelleiro Jairo Orjales Sande realiza os seguintes rogos e preguntas :



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Roga a alcaldía para que se transmita información aos veciños da existencia dun técnico de emprego local no concello para que estes poidan aproveitarse do seu traballo .

Solicita información sobre si o Concello ten infraestrutura para poder facilitar as empresas que queiran instalar internet sen fíos , deixando que se instalen reemisores no alumeadado público .

A alcaldesa explica que deste tema falou fai tempo cunha empresa pero solicitaba 50.000,00 euros , outra empresa de As pontes , veu falar comigo deste tema pero aínda non se concretou nada

Roga a alcaldía para que o rebacheo das pistas se realice en verán . Xa que senón en inverno é moi complicado e comparte a idea do concelleiro Benigno Galego Castro que sería mellor desbrozar el talude e a cuneta á vez .

O concelleiro Cándido Prieto Lago realiza os seguintes rogos e preguntas :

Hai unha luz no cruce da feira que leva dous anos apagada

Enfronte das vivendas sociais de Felgasas está sen rozar .

O concelleiro Juan Ramos Prieto afirma que o ano pasado rozou Vicente e que este ano rozouse coa maquina e falta facelo manualmente e cando se poida realizarse .

E , non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión sendo as doce horas e trinta minutos do día vinte e nove de agosto de 2014. Do que eu como secretaria dou fe:

A alcaldesa

Ana Rodriguez Montero

A secretaria

Paula Díaz Tie